



Concello de Lugo

A N U N C I O APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PERSOAL OBRADOIRO EMPREGO LUGOSOSTIBLE 5.0

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión celebrada o día vinte e catro de agosto de dous mil vinte dous, adoptou entre outros o acordo de aprobación das bases de selección do persoal directivo, docente e alumnado traballador do Obradoiro de Emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”.

É así que, a través do presente anuncio procédese a facer público o mencionado acordo:

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “LUGOSOSTIBLE 5.0”.-

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, dar conformidade co previsto no artigo 10 da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, establecendo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no Obradoiro de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”, promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Segunda.- Contratación das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, no obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego, as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas ao Concello de Lugo mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de doce meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 13 pto 1. da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, las persoas seleccionadas como alumnado-traballador

serán contratadas pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda de acordo con a normativa laboral vixente no momento da contratación. Non serán de aplicación os límites de idade e duración establecidos no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores de acordo con o establecido na Lei de emprego, aprobada polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, e modificada pola disposición final segunda do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro. Así mesmo nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

De conformidade ao artigo 13 apartado 3, da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade o contrato de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, en que se deben facer constar a súa pertenza ao programa de obradoiros duais de emprego, a denominación do proxecto para o cal se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@, marcando a opción específica ET/CO/TE/FD que figura na epígrafe Datos específicos do contrato. Unha vez indicada esta opción, aparecerá un despregable que permitirá elixir entre varias opcións, as correspondentes a Alumnado/Traballador e Persoal, que se empregarán, respectivamente, para o alumnado e o persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira.- Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas.



Concello de Lugo

– Ter dezaquito ou máis anos de idade.

_ Estar empadroadas no Concello de Lugo con data de Resolución da concesión do Obradoiro dual de Emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0” (28 de xullo de 2022). No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, poderán ser seleccionadas para a contratación como alumnado-traballador, as persoas desempregadas doutros concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego

– Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

– Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto.

– As especialidades formativas que se vai a impartir no Obradoiro dual van dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, as persoas seleccionadas deberán de reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados de profesionalidade.

– Non padecer enfermidade que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

– No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo obradoiro se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto.

Cuarta.- Causas de exclusión.



MURALLA
patrimonio da humanidade

- Quedarán excluídas do proceso de selección as persoas candidatas que superasen outro proxecto formativo de iguais características ou que xa estean en posesión do certificado de profesionalidade da especialidade formativa, obtido por calquera outra vía.

- Serán excluídas do proceso de selección, aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

Quinta.- Oferta de Emprego alumnado-traballador/a Obradoiro dual de emprego.

5.1.- Sistema de selección: Oferta tipo T.

5.2.- No procedemento de selección do alumnado-traballador, presentaranse tres ofertas na oficina de emprego de Lugo (Oficina de Emprego- Lugo Norte), unha por cada especialidade, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

OFERTA 1- Alumnado-traballador/a na especialidade formativa: **IMSV0209**
DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS- N3

Ámbito xeográfico sondaxe: Concello de Lugo. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego).

Persoas en situación de desemprego.

Número de persoas alumn@s-traballador@s: 7

Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Integrador/a multimedia audiovisual, Desenvolvedor/a de produtos audiovisuais multimedia, Grafista dixital, Editor/a de contidos audiovisuais multimedia interactivos e non interactivos, Desenvolvedor/a de aplicacións multimedia, axudante de realización en multimedia, Técnico/a en sistemas multimedia.

Requisitos: A especialidade formativa pertence a un certificado de profesionalidade de nivel 3.



Concello de Lugo

As persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 3 os/as alumnos/as deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de Bacharel ou equivalente.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/o do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/o de 45 anos.
- f) Ter as competencias clave N3.

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Lugo, a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir ao procedemento de selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao Órgano de selección do Concello de Lugo encargado da selección.

OFERTA 2- Alumnado-traballador/a na especialidade formativa: IFCD0210 DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB- N3

Ámbito xeográfico sondaxe: Concello de Lugo. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego).



MURALLA
patrimonio da humanidade

Persoas en situación de desemprego.

Número de persoas alumnas traballadoras: 7

Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Programadores/ as de aplicacións informáticas, Técnicos/as da web, Programa- dor/a web, Programador/a multimedia.

Requisitos: A especialidade formativa pertence a un certificado de profesionalidade de nivel 3.

As persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 3 os/as alumnos/as deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de Bacharel.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/o do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/o de 45 anos.
- f) Ter as competencias clave N3.

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Lugo, a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir ao procedemento de selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia



Concello de Lugo

compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao Órgano de selección do Concello de Lugo encargado da selección.

OFERTA 3- Alumnado-traballador/a na especialidade formativa: COMM0112 XESTIÓN DE MÁRKETING E COMUNICACIÓN- N3

Ámbito xeográfico sondaxe: Concello de Lugo. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego).

Persoas en situación de desemprego.

Número de persoas alumnas traballadoras: 6

Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Técnicos medios en publicidade e/ou relacións públicas. Técnicos superiores en publicidade e relacións públicas, en xeral. Técnicos en organización de feiras e eventos. Organizador de eventos de marketing e comunicación. Asistente do xefe de produto. Técnico en Marketing. Auxiliar de medios en empresas de publicidade. Controlador de cursaxe ou emisión en medios de comunicación.

Requisitos: A especialidade formativa pertence a un certificado de profesionalidade de nivel 3.

As persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 3 os/as alumnos/as deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de Bacharel.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/o do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.

- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/o de 45 anos.
- f) Ter as competencias clave N3.

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Lugo, a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir ao procedemento de selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao Órgano de selección do Concello de Lugo encargado da selección.

5.3.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLO ALUMNADO-TRABALLADOR O DÍA DA SELECCIÓN:

1.- Documentación acreditativa requisitos acceso aos certificados de profesionalidade N3, debendo acreditar algúns dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de Bacharel ou equivalente.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/o do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- f) Ter as competencias clave N3.

2.- Ter dezaoito ou máis anos de idade.

- DNI ou NIE.

3.- Documentación a presentar persoa desempregada:



Concello de Lugo

- Tarxeta demanda de emprego,
- Períodos de inscrición como persoa demandante de emprego (criterio para dirimir os posibles empates entre puntuacións das persoas candidatas).

4.- Documentación acreditativa - Méritos para baremo titulación complementaria:

Documentación acreditativa da titulación distinta e superior á mínima requirida para participar no procedemento selectivo.

5.- Méritos para baremo cursos realizados relacionados coas novas tecnoloxías

Diploma acreditativo do curso realizado no que conste contido formativo e a súa duración, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

6.- Méritos para baremo coñecemento idioma galego:

Diploma acreditado pola Secretaria Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Universidade). De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos desección na data da súa incorporación ao Obradoiro dual de Emprego.

Sexta.- Órgano de selección.

O comité de selección do Concello de Lugo estará constituído polos seguintes membros:

- 1 Presidente e suplente
- 3 Vogais e suplentes.
- 1 Secretario e suplente.

Unha vez recibidas a relación de persoas candidatas resultado da oferta, e enviada pola oficina de emprego, procederase a nomear aos membros do órgano de selección mediante Decreto municipal.

Sétima.- Selección.

A selección do alumnado-traballador, participante no Obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”, atenderá ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Os criterios de selección do alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

A selección definitiva dos 20 alumnos/as - traballadores/as, será realizada polo Órgano de selección do Concello de Lugo, que aplicará o baremo de méritos establecido nestas bases e que se detalla no apartado sétimo, así como unha proba obxectiva de aptitude e/ou coñecemento .

6.1.- Data, hora e lugar da selección:

Especialidade formativa: **IMSV0209 DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS**

A selección terá lugar no Edificio CEI Nodus, Avda Coruña, nº 500, 1º – Lugo, na primeira quincena do mes de setembro.

Especialidade formativa: **IFCD0210 DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS.**

A selección terá lugar no Edificio CEI Nodus, Avda Coruña, nº 500,1º – Lugo, na primeira quincena do mes de setembro.

Especialidade formativa: **COMM0112 XESTIÓN DE MÁRKETING E RELACIÓNS PÚBLICAS.**

A selección terá lugar no Edificio CEI Nodus, Avda Coruña, nº 500,1º – Lugo, na primeira quincena do mes de setembro.

6.2.- Os méritos que se xustificarán mediante a achega de documentos acreditativos orixinais ou copias compulsadas, serán valorados polo Órgano de selección do Concello de Lugo. O ditos méritos estarán suxeitos en función do tipo e características das prazas convocadas e peculiaridades de cada proxecto formativo que compón cada certificado de profesionalidade que será impartido no obradoiro dual de emprego.



Concello de Lugo

6.3.- Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais serán:

- O maior tempo acreditado como persoa desempregada.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.

Finalizada a selección, o Concello de Lugo procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento e elaborará a listaxe de alumn@s-traballador@s propostos que será remitida á Oficina de Emprego - Lugo norte, que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos-as propostos non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo ao Concello de Lugo para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados no baremo de méritos e na proba de aptitude e/ou coñecementos, determinando a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación polo Concello de Lugo.

En todo caso será o Concello de Lugo o responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao Obradoiro dual de emprego.

Oitava.- Baremo de méritos:

Os méritos no proceso de selección, valoraranse de acordo co seguinte baremo ata un máximo de 4,25 puntos.

1.- Titulación complementaria: valorarase posuír titulación académica distinta e superior á mínima requirida para participar no procedemento selectivo (certificado de profesionalidade N3).

A puntuación máxima nestes apartado será de 2 puntos.

Por titulación universitaria: 1 punto

Por titulación oficial de persoa técnica superior: 0,50 puntos

2.- Cursos realizados relacionados coas novas tecnoloxías

Diploma acreditativo do curso realizado no que conste contido formativo e a súa duración, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

A puntuación máxima nestes apartado será de 2 puntos.

Serán valorados: 0,20 puntos por cada 30 horas formativas.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos o asignaturas integrantes dun título académico.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.

3.- Coñecemento idioma galego:

Serán valorados aqueles cursos o titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima nestes apartado será de 0,25 puntos

Celga 1 ou equivalente debidamente homologado: 0,05 puntos.

Celga 2 ou equivalente debidamente homologado: 0,10 puntos.

Celga 3 ou equivalente debidamente homologado: 0,15 puntos.

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0,20 puntos.



Concello de Lugo

Celga 5 ou equivalente debidamente homologado: 0,25 puntos.

Se despois de realizadas as actuacións de publicidade da oferta, remitida a oferta de emprego á Oficina de emprego correspondente e realizado o proceso de selección, o número de persoas seleccionadas para participar no Obradoiro fora insuficiente para iniciar, procederase a dar publicidade á dita oferta mediante a inserción dun anuncio nun dos diarios de maior tirade da provincial así como a súa difusión e publicidade nas redes sociais do Concello de Lugo.

Novena.- Lista de reserva.

Rematado o proceso de selección, A comisión de selección do Concello de Lugo, elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superada a fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar praza no obradoiro. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estiveran dispoñible para a súa contratación polo Concello de Lugo, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co procedemento anteriormente descrito.

Décima.- Admisión.

As persoas seleccionadas serán admitidas para participar no obradoiro Dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro dual de emprego.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante a comisión de selección do Concello de Lugo no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por estes, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo segunda.- Publicidade das bases:

As bases reguladoras do proceso de selección do alumnado-traballador aprobadas polo Concello de Lugo, serán remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas

ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego Lugo Norte, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DE DIRECCIÓN DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “LUGOSOSTIBLE 5.0”.-

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, dar conformidade co previsto no artigo 10 da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, establecendo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal dirección do Obradoiro de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”, promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Posto convocado: 1 posto de director/a

Segunda.- Contratación da persoa seleccionada como persoal dirección, no obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego, a persoa seleccionada estará vinculada ao Concello de Lugo mediante un contrato de traballo de carácter temporal, cunha duración de doce meses e será a tempo completo.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidade que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro dual de emprego durante toda a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. A persoa



seleccionada non se considerará incluída no correspondente cadro de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

De conformidade ao artigo 13 apartado 3, da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade o contrato de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, en que se deben facer constar a súa pertenza ao programa de obradoiros duais de emprego, a denominación do proxecto para o cal se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@, marcando a opción específica ET/CO/TE/FD que figura na epígrafe Datos específicos do contrato. Unha vez indicada esta opción, aparecerá un despregable que permitirá elixir entre varias opcións, as correspondentes a Alumnado/Traballador e Persoal, que se empregarán, respectivamente, para o alumnado e o persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro.

Terceira- Funcións do posto de traballo.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Propoñer, coordinar e organizar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- Encargarase da parte administrativa e de xestión do obradoiro: propostas de gastos, licitacións, informes, preparación de documentación e a súa remisión á Consellería de Emprego e Igualdade, xustificación do Obradoiro, etc....
- Aqueles outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas polo Concello de Lugo.



Cuarta.- Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas par ao exercicio da función pública.

-Estar en posesión dunha das seguintes titulacións:

- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír ditos requisitos ou posuílos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Quinta.- Causas de exclusión.

- Serán excluídas do proceso de selección, aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental así como aquelas que non cumpran cos requisitos mínimos mencionados no punto catro destas bases de convocatoria.

Sexta.- Oferta de Emprego Persoal dirección Obradoiro dual de emprego.

6.1- Presentarase a oferta Tipo A ordinario na oficina de emprego de Lugo (Oficina de Emprego- Lugo Norte), para a súa tramitación, e establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

Ámbito territorial: Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de postos: 1

Número de candidatos a remitir: 3 candidatos/as por posto.

Ocupación: **DIRECTOR/A DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO.**



Concello de Lugo

Requisitos:

-Diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Lugo a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir ao procedemento de selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao órgano da entidade promotora encargado da selección.

6.2- Documentación a presentar polo candidato o día da selección:

- DNI ou NIE.
- Título universitario.
- Documentación acreditativa de los requisitos mínimos da titulación esixida
- Documentación acreditativa de titulación distinta á mínima para participar no procedemento selectivo.
- Acreditar a experiencia coa vida laboral actualizada, contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- Diploma acreditado pola Secretaria Xeral de Política Lingüística dos coñecementos en lingua galega.
- Situación de desemprego: tarxeta demanda de emprego, períodos de inscrición como persoa demandante de emprego, vida laboral.
- Cursos de formación relacionados coa xestión, NNTTs e/ou comunicación e marketing: diploma acreditativo do curso realizado no que conste contido formativo e a súa duración.
- Coñecemento lingua estranxeira: documentación acreditativa de cursos o titulacións, cos niveis de dominio idiomático e determinados polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (CEFR).

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

Atendendo co previsto no artigo 10 Normas xerais de selección pto1 e pto2. e artigo 12 pto2. , da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da

Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022:

“Artigo 10 Normas xerais de selección

1. A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai pór en funcionamento, será realiza da pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

2. Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación que a desenvolva. No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos, deberá facerse de forma independente, valorando primeiro os criterios subxectivos, e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

Artigo 12. Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio

2. Así mesmo, corresponderalle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que se poidan aplicar, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procede. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de Emprego de Galicia.”

O procedemento de selección do persoal dirección do Obradoiro dual de Emprego

“LUGOSOSTIBLE 5.0, atenderá á valoración de criterios obxectivos a través de:

1.- Baremo de méritos: establecidos nestas bases reguladoras.

2.- Proba obxectiva de aptitude e/ou coñecementos.

A proba obxectiva constará de 5 preguntas curtas cunha valoración por cada pregunta de 2 puntos.

Os contidos da proba valorará coñecementos da Orden do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia:

DATA SELECCIÓN:

A selección para baremación de méritos, así como a realización da proba obxectiva de aptitude e/ou coñecementos, A selección terá lugar no Edificio CEI Nodus, Avda Coruña, nº 500,1º – Lugo, na primeira quincena do mes de setembro.

A persoa seleccionada, deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao Obradoiro dual de Emprego.

Sétima.- Órgano de selección.

O comité de selección do Concello de Lugo estará constituído polos seguintes membros:

1 Presidente e suplente

3 Vogais e suplentes.

1 Secretario e suplente.

Unha vez recibidas a relación de persoas candidatas resultado da oferta, e enviada pola oficina de emprego, procederase a nomear aos membros do órgano de selección mediante Decreto municipal.

Oitava.- Selección.

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de criterios obxectivos en baremación de méritos e realización dunha proba obxectiva de aptitude e coñecementos. Os méritos que se xustificarán mediante a achega de documentos acreditativos orixinais ou copias compulsadas serán valorados polo órgano encargado do proceso de selección do Concello de Lugo. Os ditos méritos estarán suxeitos en función do tipo e características da praza convocada.

A selección definitiva do persoal de dirección do Obradoiro dual de emprego: 1 director/a, será realizada polo Órgano de selección do Concello de Lugo, que aplicará valoración obxectiva a través do baremo de méritos establecido nestas bases así como valoración da proba obxectiva de aptitude e/ou coñecementos.

Á vista do anterior, o órgano encargado da selección do Concello de Lugo comprobará os criterios e requisitos que deberán cumprir as persoas candidatas a participar no proceso atendendo ao Artigo 10. P.2. Normas xerais de selección da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia: *“Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas.”*

Os méritos no proceso de selección, valoraranse de acordo co seguinte baremo ata un máximo de 4,25 puntos e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou copias compulsadas:

1.- Titulación complementaria: valorarase posuír titulación académica distinta e superior á mínima requirida para participar no procedemento selectivo: 1 punto.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

2.- Cursos formación. Será motivo de baremación os cursos relacionados coa xestión, NNTTs e/ou comunicación e marketing, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a 20 horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

A puntuación máxima nestes apartado será de 1 punto.

O mérito por cursos de formación valoraranse como segue: 0,20 puntos por cada 20 horas formativas.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos o asignaturas integrantes dun título académico.



Concello de Lugo

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.

3.- Experiencia profesional:

Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e Obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo, nos últimos 10 anos, ata un máximo de 2,0 puntos.

A experiencia profesional como director/a acreditarase mediante certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2 puntos.

4.- Coñecemento idioma galego:

Serán valorados aqueles cursos o titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima nestes apartado será de 0,25 puntos

Celga 1 ou equivalente debidamente homologado: 0,05 puntos.

Celga 2 ou equivalente debidamente homologado: 0,10 puntos.

Celga 3 ou equivalente debidamente homologado: 0,15 puntos.

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0,20 puntos.

Celga 5 ou equivalente debidamente homologado: 0,25 puntos.

As puntuacións finais da selección, virán dadas pola suma dos puntos acadados no baremo de méritos e proba de aptitude e/ou coñecementos, determinando a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación polo Concello de Lugo.

Atendendo ao apartado 15 das instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, os criterios para dirimir os



MURALLA
patrimonio da humanidade

posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, serán por orden de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

Novena.- Lista de reserva.

Rematado o proceso de selección, A comisión de selección do Concello de Lugo, elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superada a fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar praza no obradoiro. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estiveran dispoñible para a súa contratación polo Concello de Lugo, iniciarase un novo procedemento de selección, de conformidade co procedemento anteriormente descrito.

Décima.- Admisión.

A persoa seleccionada será admitida para no Obradoiro dual de emprego "LUGOSOSTIBLE 5.0" na condición de director/a, sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño das funcións do posto a realizar no obradoiro dual de emprego.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante a comisión de selección do Concello de Lugo no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por estes, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.



Concello de Lugo

Décimo segunda.- Publicidade das bases:

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal de dirección do Obradoiro dual de Emprego, aprobadas polo Concello de Lugo, serán remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego Lugo Norte, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “LUGOSOSTIBLE 5.0”.-

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, dar conformidade co previsto no artigo 10 da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, establecendo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal docente do Obradoiro de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”, promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Postos convocados: 3 docentes tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”:

1 docente: ISMV0209 DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS

1 docente: IFCD0210 DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB

1 docente: COMM0112 XESTIÓN DE MÁRketing E COMUNICACIÓN



MURALLA
patrimonio da humanidade

Segunda.- Contratación das persoas seleccionadas como persoal docente, no obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego, as persoas seleccionadas estará vinculadas ao Concello de Lugo mediante un contrato de traballo de carácter temporal, cunha duración de doce meses e será a tempo completo.

As persoas que resulten seleccionadas, estará sometida ó réxime de incompatibilidade que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro dual de emprego durante toda a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. A persoa seleccionada non se considerará incluída no correspondente cadro de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

De conformidade ao artigo 13 apartado 3, da Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade o contrato de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, en que se deben facer constar a súa pertenza ao programa de obradoiros duais de emprego, a denominación do proxecto para o cal se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@, marcando a opción específica ET/CO/TE/FD que figura na epígrafe Datos específicos do contrato. Unha vez indicada esta opción, aparecerá un despregable que permitirá elixir entre varias opcións, as correspondentes a Alumnado/Traballador e Persoal, que se empregarán, respectivamente, para o alumnado e o persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro.

Terceira- Funcións do posto de traballo de docente.

-Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativas, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas



alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

-Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

- Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.

- Colaborarán co/coa director/a na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas productivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

- Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.

- Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.

- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.

- Colaborarán coa dirección nos labores de titoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

- Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego.

- Trimestralmente, a petición da dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se esixa.

- Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas productivas a realizar polo seu obradoiro.

- Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola dirección na execución das tarefas productivas do obradoiro de emprego.

- Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.



-Serán responsables directos nos aspectos prácticos - productivos das persoas alumnas traballadoras que están o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

- Será o encargado de impartir lo ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e búsqueda de emprego.

- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

Cuarta.- Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- Non padecer enfermidade que afecte ao normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.

- Ter o nivel académico e a experiencia profesional esixida no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.

- Estar en posesión da titulación e experiencia que se esixe para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.

- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas na base terceira.

Requisitos de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos:

Docente DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS:



Concello de Lugo

Prescricións dos/as formadores/as (Real Decreto 725/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da familia profesional Imaxe e Sonido).

Acreditación requirida:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico superior da familia profesional de Imaxe e son.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Produción audiovisual da familia profesional de Imaxe e son.
- Experiencia mínima de 12 meses na ocupación.

Docente DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB:

Prescricións dos/as formadores/as (Real Decreto 1531/2011, do 31 de outubro, que regula o certificado de profesionalidade da familia profesional Informática e Comunicacións):

Acreditación requirida:

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Experiencia mínima de 12 meses na ocupación.

Docente XESTIÓN DE MÁRKETING E COMUNICACIÓN:

Prescricións dos/as formadores/as (Real Decreto 1550/2011 de 31 de outubro que regula o certificado de profesionalidade da familia profesional Comercio e Márketing):

Acreditación requirida:

MF1007_3 , MF2185_2 , MF2186_3 , MF2187_3, MF2188_3, MF2189_3,

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes relacionados o campo profesional.

MF1002_2

Licenciado en Filoloxía, Traducción e Interpretación da lingua estranxeira correspondente ao título de grao equivalente.

Calquera outra titulación superior coa seguinte formación complementaria:

- Superar un ciclo dos estudos conducentes á obtención de a Licenciatura en Filoloxía, Traducción e Interpretación na lingua estranxeira correspondente ou titulación equivalente. Certificado ou diploma de acreditación oficial da competencia lingüística da lingua estranxeira correspondente como o Certificado de Nivel Avanzado das Escolas Oficiais de Idiomas ou outros equivalentes ou superiores recoñecidos. Titulación universitaria cursada nun país de fala da lingua estranxeira correspondente, no seu caso, coa correspondente homologación.

- Experiencia mínima de 12 meses na ocupación.

Quinta.- Causas de exclusión.

- Serán excluídas do proceso de selección, aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental así como aquelas que non cumpran cos requisitos mínimos mencionados no punto catro destas bases de convocatoria.

Sexta.- Oferta de Emprego Persoal docente Obradoiro dual de emprego.

Presentarase a oferta Tipo A ordinario na oficina de emprego de Lugo (Oficina de Emprego- Lugo Norte).

6.1- No procedemento de selección de docentes, presentaranse tres ofertas na oficina de emprego de Lugo (Oficina de Emprego- Lugo Norte), unha por cada especialidade, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

OFERTA 1

Ocupación: **Docente DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS**

Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.



Concello de Lugo

Número de candidatos/as a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1

Requisitos: segundo as bases

OFERTA 2

Ocupación: **Docente DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB**

Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos/as a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto.

Número de postos: 1

Requisitos: segundo as bases.

OFERTA 3

Ocupación: **Docente XESTIÓN DE MÁRketing E COMUNICACIÓN**

Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos/as a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1

Requisitos: segundo as bases

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Lugo a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir ao procedemento de selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia



MURALLA
patrimonio da humanidade

compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao órgano da entidade promotora encargado da selección.

6.2- Documentación a presentar polas persoas candidatas o día da selección:

1.- DNI ou NIE.

2.- Documentación acreditativa de los requisitos mínimos da titulación esixida e da experiencia mínima de 12 meses.

3.- Situación de desemprego: tarxeta demanda de emprego, períodos de inscrición como persoa demandante de emprego, vida laboral.

Méritos para baremo titulación complementaria

Documentación acreditativa de titulación distinta á mínima para participar no procedemento selectivo.

Méritos para baremo experiencia profesional

Atendendo as presentes bases, será motivo de baremo a documentación acreditativa distinta á mínima para participar no proceso selectivo. Documentación a presentar:

- Contratos laborais, vida laboral actualizada.
- Alta IAE e facturas en que consten os servizos prestados (traballadores autónomos).
- Experiencia docencia: certificado oficial empresa ou entidade en que conste formación impartida e o tempo da realización.

Méritos para baremo cursos realizados relacionados coas funcións e contidos do proxecto formativo

Diploma acreditativo do curso realizado no que conste contido formativo e a súa duración.

Méritos para baremo coñecemento idioma galego

Diploma acreditado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Universidade).

DATA SELECCIÓN:

A selección para baremación de méritos, terá lugar no Edificio CEI Nodus, Avda Coruña, nº 500,1º – Lugo,na primeira quincena do mes de setembro.

As persoas seleccionadas, deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao Obradoiro dual de Emprego.



Concello de Lugo

Sétima.- Órgano de selección.

O comité de selección do Concello de Lugo estará constituído polos seguintes membros:

1 Presidente e suplente

3 Vogais e suplentes.

1 Secretario e suplente.

Unha vez recibidas a relación de persoas candidatas resultado da oferta, e enviada pola oficina de emprego, procederase a nomear aos membros do órgano de selección mediante Decreto municipal.

Oitava.- Selección.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

Atendendo co previsto no artigo 10 Normas xerais de selección pto1 e pto2. e artigo 12 pto2. , da Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG núm.46, do 8 de marzo de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022:

“Artigo 10 Normas xerais de selección

- 1. A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai pór en funcionamento, será realiza da pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.*
- 2. Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrucción da Dirección Xeral de Formación e Colocación que a desenvolva. No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos, deberá facerse de forma independente, valorando primeiro os criterios subxectivos, e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.*



MURALLA
patrimonio da humanidade

Artigo 12. Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio

2. Así mesmo, corresponderalle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que se poidan aplicar, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procede. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de Emprego de Galicia.”

O procedemento de selección do persoal dirección do Obradoiro dual de Emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0, atenderá á valoración de criterios obxectivos a través de:

1.- Baremo de méritos: establecidos nestas bases reguladoras.

A actividade selectiva terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración obxectiva baremo de méritos. Os méritos que se xustificarán mediante a achega de documentos acreditativos orixinais ou copias compulsadas serán valorados polo órgano encargado do proceso de selección do Concello de Lugo. Os ditos méritos estarán suxeitos en función do tipo e características da praza convocada.

A selección definitiva do persoal docente do Obradoiro dual de emprego: 3 docentes tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro dual de emprego “LUGOSOSTIBLE 5.0”:

1 docente: ISMV0209 DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS

1 docente: IFCD0210 DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB

1 docente: COMM0112 XESTIÓN DE MÁRKETING E COMUNICACIÓN, será realizada polo Órgano de selección do Concello de Lugo, que aplicará o baremo de méritos establecido nestas bases.



Concello de Lugo

Á vista do anterior, o órgano encargado da selección do Concello de Lugo procederá ao proceso de selección co obxecto de baremar os méritos obxectivos e comprobar os criterios e requisitos que deberán cumprir as persoas candidatas a participar no proceso.

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou copias compulsadas:

Os méritos no proceso de selección, valoraranse de acordo co seguinte baremo ata un máximo de 9,25 puntos.

1.- Titulación complementaria:

Valorarase posuír titulación académica distinta e a maiores á esixida polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo.

A puntuación máxima nestes apartado será de 3 puntos.

- Por titulación universitaria a maiores da esixida: 1 punto

- Por titulación oficial de persoa técnica/técnica superior a maiores da esixida: 0,50 puntos

2.- Experiencia profesional/docente:

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 4 puntos.

Experiencia como docente en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2 puntos.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.



MURALLA
patrimonio da humanidade

O período mínimo de experiencia esixido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

3.- Cursos realizados:

Será motivo de baremación os cursos relacionados coas funcións e contidos do proxecto formativo por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2 puntos.

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.



Concello de Lugo

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico.

Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

4.- Coñecementos de lingua galega:

Serán valorados aqueles cursos o titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima nestes apartado será de 0,25 puntos.

Celga 1 ou equivalente debidamente homologado: 0,05 puntos.

Celga 2 ou equivalente debidamente homologado: 0,10 puntos.

Celga 3 ou equivalente debidamente homologado: 0,15 puntos.

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0,20 puntos.

Celga 5 ou equivalente debidamente homologado: 0,25 puntos.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados no baremo de méritos, determinando a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación polo Concello de Lugo.

Atendendo ao apartado 15 das instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, serán por orden de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.



MURALLA
patrimonio da humanidade

- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

Novena.- Lista de reserva.

Rematado o proceso de selección, A comisión de selección do Concello de Lugo, elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superada a fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar praza no obradoiro. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estiveran dispoñible para a súa contratación polo Concello de Lugo, iniciarase un novo procedemento de selección, de conformidade co procedemento anteriormente descrito.

Décima.- Admisión.

A persoa seleccionada será admitida para no Obradoiro dual de emprego "LUGOSOSTIBLE 5.0" na condición de persoal docente, sempre e cando cumbran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño das funcións do posto a realizar no obradoiro dual de emprego.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante a comisión de selección do Concello de Lugo no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por estes, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo segunda.- Publicidade das bases:

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal docente do Obradoiro dual de Emprego, aprobadas polo Concello de Lugo, serán remitidas á Xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego Lugo Norte, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.



Concello de Lugo



MURALLA
patrimonio da humanidade